

Sonotopías

ESCOITA E TERRITORIO >>

OBRADOIRO/SEMINARIO

por Escoitar.org



FICHA OBRADOIRO

TÍTULO

Sonotopías. escoita e territorio.

LEMAS

Construíndo unha imaxe aural do territorio; Espazo e acústica; Outras alternativas á cidade-panorama; A escoita como constructo social; O trazado urbán: novos itinerarios sensibles a través do son; Ampliando a experiencia da cidade; Hexemonía do visual fronte ao sonoro; Mapas sonoros e o seu valor documental.

SINOPSE

Unha cidade como espazo habitado e cargado de significado, como espazo de identidade, relacional e histórico, está construída de memoria, e unha importante parte desa memoria, xa sexa individual ou colectiva, é o resultado da nosa escoita. Cada contorno e cada situación -pero tamén cada acto e cada instante-, están vinculados inexorablemente a uns sons concretos que os caracterizan e os identifican, ou os individualizan, fronte ás acústicas doutros espazos e contextos. O son que nos rodea, que nos acompaña e que producimos consciente ou inconscientemente converteuse así nunha información e nun material cada vez máis relevante para a creación artística, a antropoloxía, a filosofía, a arquitectura, o urbanismo, a ecoloxía, a historia ou mesmo a psicoloxía... Neste contexto o seminario “Sonotopías. escoita e territorio” propón unha estratexia que permitirá asumir a complexidade sonora da cidade: comprender en que medida o son informa dun lugar para, desde o oído, elaborar novos xeitos de coñecemento, novas cartografías sensibles.

Escoitar.org propón redescubrir a cidade seguindo todas estas claves e profundando no valor do son como vía de coñecemento da sociedade. Desde unha aproximación teórica á experiencia da escoita e a todas as problemáticas que afectaron historicamente ao son, o obradoiro tratará non só de iniciar aos participantes nos aspectos culturais da escoita (escoita crítica e activa, limpeza de oídos, etc.), senón abrir un debate sobre os sons propios da cidade, ese sons de pertenza que os habitantes recoñezan dese xeito e que axuden a definir o seu carácter e identidade acústica. Todo elo a través de técnicas de grupo como o “paseo sonoro”, os “exercizos de silencio”, o “trazado de mapas sonoros” ou as “escoitas conscientes”.

PÚBLICO OBXECTIVO

Calquera persoa interesada na experiencia acústica, preferentemente profesores de primaria e secundaria que teñan interese en transmitir ós seus alumnos un achegamento ó mundo que lles rodea a través da experiencia sensorial do oído.

COORDINACIÓN

Colectivo escoitar.org

PROFESORES

Chiu Longina (antropólogo e artista sonoro) e Juan-Gil López (Musicólogo e artista sonoro).

FORMATO

Obradoiro/Seminario de 20 horas de repartidas en 5 xornadas de traballo.

HORARIO

A eleixir pola organización. Preferiblemente de tarde (funciona mellor).

OBXECTIVOS

- 1.- Iniciarse nos aspectos culturais da escoita (escoita crítica e activa, limpeza de oídos, etc.).
- 2.- Promover a importancia de adquirir un novo xeito de escoitar o noso contorno.
- 3.- Redescubrir a cidade a través do oído e profundar no valor do son como vía de coñecemento dos lugares.
- 4.- Asumir a complexidade sonora das cidades comprendendo en que medida o son informa dos lugares.
- 4.- Coñecer e usar algunhas tecnoloxías dedicadas ao rexistro e procesado de son ambiental (microfonías, software de edición de audio, gravadoras, etc.).
- 5.- Iniciarse nunha guía para profesorado que permita transmitir conceptos relacionados coa escoita e o territorio ós alumnos.
- 5.- Configurar unha cartografía sonora do lugar, (localizando sons de pertenza, aqueles que definen a identidade e o carácter acústico da cidade), a través de técnicas de grupo e exercizos centrados no sentido do oído (dentro do obradoiro e nalgúns espazos da cidade).

PROGRAMA DO OBRADOIRO/SEMINARIO

1ª SESIÓN (4 horas con pausa)

*O son: o elemento extraño. Aproximación.

*Son e física.

- Son e vibración, son e poder

*Textos, ensaios, estudos, proxectos artísticos.

- O caso Escobar.org e o Cluster Artesonoro

2ª SESIÓN (4 horas con pausa)

*Imaxe e son como produtores de cultura.

*Mutacións culturais mediadas pola tecnoloxía.

*Visión fronte ó oído. Redes: hexemonía histórica do visual

*Relacións sociais mediadas polo sonoro.

3ª SESIÓN (4 horas con pausa)

*Auralidade/Antropoloxía do Son (Estudos Aurais)

- Paisaxe Sonora e Auralidade. Ruido/Silencio: deseño acústico

*Cartografías da escoita (son e lugar)

4ª SESIÓN (4 horas con pausa)

*O como creador de "lugar"

*Compoñer espazos co son

- Definir comportamentos do son no espazo
- A definición dos lugares (ou non-lugares) mediante o son

5ª SESIÓN (4 horas con pausa)

*Exercizos e actividades baseadas no son:

- Paseos sonoros pola cidade
- Exercizos de silencio
- Xogos sonoros
- Estimulación do sentido do oído mediante experimentos coa orella
-

ALGÚNS ANTECEDENTES

A escoita como xerador de sentido

ESCOITAR
.org

Segundo **Michel de Certeau** a cidade é un texto escrito por quen a percorre nos seus itinerarios habituais “facendo uso dun espazo que non pode ser visto”.

Fuxindo do modelo de cidade-panorama exclusivamente visual, panóptica e xeométrica, trazada por urbanistas e cartógrafos, xorde a necesidade de elaborar novos itinerarios sensibles que cuestionen o trazado urbano como un espazo unívoco.

No 1966, o mesmo ano que a revista Artforum publica a experiencia de **Tony Smith** mentres conducía por unha autoestrada inacabada na periferia de New Xersei, convertendo “a actitude en forma”, **Max Neuhaus** pinta nas mans de seu público a consigna “escoita” para logo dirixirse en autobús a unha serie de localizacións que os asistentes deberían percorrer concentrándose nos distintos acontecementos acústicos.




A mera acción de escoitar convértese aquí nun acto creativo, herdeiro da panauralidad de **John Cage**, ao tempo que subversivo. O paseo sonoro maniféstase entón “como a improvisación co son dun lugar ” (**Andra McCartney**) e o oído fúsióname co andar “como práctica estética” completando a análise que **Francesco Careri** fai dunha cidade nómada, pola que demostraron interese o movemento Letrista, o Land-Art e as novas prácticas arquitectónicas.

Propostas como os *itinerarios Otodate* (oto-son/date-lugares) trazados polo artista **Akio Suzuki** en Berlín, París ou Turín, os deseñados por **Hildegard Westerkamp** e **Andra McCartney** seguindo as premisas ecoacústicas do *World Sound Scape Project*, os paseos propostos en *City in a Soundwalk* por **Michelle Nagai** utilizando o *Extreme Slow Soundwalk* derivado do *Deep Listening* de **Pauline Oliveros**, as performances de **Viv Corringham**, a obra *Blind City* do compositor **Francisco López**, na que converte a persoas cegas nos guías dun público ao que se lle vendan os ollos, os traballos de **Jean-Paul Thibaud** e **Nicolas Tixier** (*Parcours commentés e Qualified listening in motion*, respectivamente) no laboratorio CRESSON de Grenoble, ademais dos *soundwalks* de **Janet Cardiff** que elaboran unha poderosa realidade aumentada produto da interferencia entre dúas esferas que se solapan son só algúns exemplos que nos aproximan a unha cidade psicoxeográfica que se manifesta como un espazo discontinuo e subxectivo.

A estes hai que engadir toda unha serie de proxectos (o propio *Escoitar.org*, *Tactical Sound Garden*, *Always something somewhere else*, *Sonic City...*) que facendo uso de ferramentas de xeolocalización, así como de sensores, tecnoloxías wireless ou wearable computing foron perfilando a figura dunha data-flâneur que sitúa o oído, se non por riba, polo menos ao mesmo nivel que o ollo, ampliando a experiencia dunha cidade que se multiplica en cada escoita e constrúe incesantemente a nosa realidade.



SOBRE ESCOITAR.ORG



ESCOITAR
.org

En catro anos de vida Escoitar.org ofreceu talleres en Córdoba (Festival Eutopía06), Zaragoza (Centro Gohan), Pontevedra (Casa das Campás), Sevilla (Festival Zemos98), Cuenca (Facultade de Belas Artes), Madrid (A Casa Acendida, Matadoiro Centro de Arte, Espazo Menos1 e Medialab-Prado), Xixón (LABORAL Centro de Arte e Ateneo Obreiro da Calzada), Santiago de Compostela (CGAC), Lucena, Córdoba (Festival Sensxperiment), Karlsruhe, Alemaña (ZKM, Zentrum für Kunst und Medientechnologie), Las Palmas de Gran Canaria (Festival Mediafest), Vitoria (Artium, Centro de Arte Contemporánea), Barcelona (Riereta), San Sebastián (Arteleku, Centro de produccion de Arte Contemporánea), A Coruña (Palexco, Outonarte e Escola Superior de Arquitectura) ou Vigo (MARCO). Participou en varios eventos de tintura internacional como o Encontro Iberoamericano de Paisaxe Sonoro (Madrid, 2007 e 2008), as Xornadas Vibra de arte sonoro e experimental do Centro de Cultura Contemporánea (Valencia), o World Forum for Acoustic Ecology

(México) o Festival de Arte Sonoro Artesons (Lugo), o Festival Sónar (Barcelona), o AVLAB do Medialab-Prado (Madrid), o Proxecto Arte e Pensamento da UNIA (Sevilla), o Congreso de Arte e Tecnoloxía Artech06 (Pontevedra) o Festival Eutopía07 (Córdoba), as xornadas de conferencias Paseantes, viaxeiros e paisaxes do CGAC (S. de Compostela), as xornadas de conferencias Artes de mediación. Roles dá crítica de arte na era dixital do CGAC (S. de Compostela), Xornadas GIS Libre (Girona), Reconstrución da Fonoteca Nacional de México (México DF) ou as Xornadas de Paisaxes Sonoros no Museo de arte Precolombino e Indíxena (Montevideo, Uruguay). Participou en varias exposicións como Reinicia, na Casa das Campás de Pontevedra, Google Art, or How to Hack Google, no New Museum of Contemporary Art de Nova York, Redes Aurales, no Festival Sónar de Barcelona (como comisarios), Interference Festival (Breda, Holanda), Recursos Propios (Bòlit, Centro de Arte Contemporánea de Girona), Pasado e presente: do propio e do alleo (Laboral Centro de Arte de Xixón) ou Banquete, Nodos e Redes, na LABORAL de Xixón e ZKM de Alemaña. Realizou accións sonoras nalgúns lugares como o CGAC de Santiago de Compostela, o Círculo de Belas Artes de Madrid, o Festival Sensxperiment de Lucena (Córdoba), o Festival Mediafest (Las Palmas de Gran Canaria), a TV de Galicia ou o Festival Zemos98 de Sevilla. Organizou eventos internacionais relacionados coa escucha como o Ciclo de Conferencias Cartografías da Escucha. Son e Lugar ou o Ciclo de Cine sobre a historia social do son Audiovisións, ambos no CGAC. Publicou dous libros: escoitar.org. Audio-HackLAB e Cartografías da Escucha. Son e lugar, ambos dentro do Proxecto-Edición (CGAC, MARCO e Fundación Luis Seoane), coa colaboración de artistas e teóricos como: Bill Fontana (USA), Carmen Pardo (España), Jean-Paul Thibaud (Francia), John Levack Drever (Gran Bretaña), Brandon LaBelle (Gran Bretaña), Hildegard Westerkamp (Canadá), Llorenç Barber (España), Jose Luis Carles (España), Alog (Noruega), Árbore (España), Durán Vázquez (Galicia-España), Jace Clayton (USA), Jin Hi Kim (Corea), Kassin 2 (Brasil), Larsen (Italy), Pierre Bastien (Francia), Rechenzentrum (Alemaña), Tunng (UK), Pedro López (España), J. Carlos Blancas (España), Francisco López (España), Miguel Alvarez (España), Pedro Jiménez (España), Rubén García (España), Enrique Tomás (España), José Manuel Berenguer (España) e Roc Jiménez (España).



Actualmente traballa en varios proxectos, algúns no ámbito galego, como Fonotopías de Galicia: rexistro de sons en perigo de extinción, apoiado pola Consellería de Cultura e Deporte, Sonic Weapons, proxecto para a análise do son como ferramenta de control social (en Alemaña e Holanda), Festival ZEMOS98 (Sevilla) e Intermediae (Matadoiro, Madrid) e puxo en marcha proxectos similares a Escóitar.org en Madrid (Madridsoundscape.org), Cáceres e México (en colaboración coa Fonoteca Nacional). Foi o representante de España no Aniversario da Arte organizado pola UR, Asociación de

IMPARTEN O OBRADOIRO

CHIU LONGINA

Antropólogo e musicólogo. Artista sonoro e creador de espazos acústicos. Membro fundador do colectivo SINSALaudio de Vigo, da Asociación Alg-a e do Centro de Creación Experimental de Cuenca. Co-editor e fundador dos proxectos en rede Mediateletipos.net e Artesonoro.org. Doctorando en arte e membro do Grupo de Investigación DX7 Tracker, na Facultade de Belas Artes de Pontevedra. Comisario independente.

JUAN-GIL LÓPEZ

Musicólogo. Forma parte dos proxectos Mediateletipos.net e Artesonoro.org. Nos derradeiros anos desenvolveu diversas investigacións tanto no campo da etnomusicoloxía (música e etnicidade) como na música contemporánea, traballando en diversos proxectos de investigación de carácter interdisciplinar (relacións entre música e artes plásticas). Actualmente é Doctorando en arte e música e está realizando a súa Tese sobre "auralidade", paisaxe sonora a a utilización de sons ambientais na creación sonora contemporánea dentro do Grupo de Investigación DX7 Tracker, na Facultade de Belas Artes de Pontevedra.

ESCOITAR
.org

